

A LUZ QUE IMAXINAMOS

1423

Payal Kapadia, 2024

ESTREA EN NUMAX: 11.12.2024 | V.O.S.E. | +12 | 117 min

En Mumbai, a rutina da enfermeira Prabha vese alterada cando recibe un agasallo inesperado do seu marido, do que está distanciada. A súa moza compañeira de cuarto, Anu, tenta en van atopar un lugar na cidade para ter intimidade co seu mozo. Unha viaxe a unha vila costeira permitiralle atopar un espazo para que os seus desexos se manifesten.

Filme especialmente recomendado polo seu fomento da igualdade de xénero (ICAA).

«Unha fermosa oda á amizade
feminina e ao amor»

Pepa Blanes, CADENA SER



Entrevista con Payal Kapadia: «O amor na India é extremadamente político»

A película vai da amizade entre tres mulleres. A amizade entre estas tres mulleres é complexa. Cada unha ten as súas fraquezas, e non sempre son perfectas. Interesábame observar a amizade, unha relación que, realmente, non ten definición. A medida que nos facemos maiores, os nosos amigos vólvense un sistema de apoio cada vez máis forte, ás veces mesmo máis que a nosa familia. Sinto que isto é especialmente verdade cando un vive lonxe de casa. Quería explorar esta relación na película.

As tres actrices son alucinantes, tan fortes e doces á vez... Como deu con elas? Á primeira que buscamos foi a Prabha. Chámase Kani Kusruti. Fai moito cinema de autoría, e eu xa a tiña en mente mentres escribía o guión. Fixo moito teatro e as súas actuacións son moi versátiles. Antes da rodaxe, traballamos xuntas as escenas, organizando lecturas cos demais actores, atopando ideas novas e mesmo cambiando o texto... Eu falo hindi e marati, pero o malabar non é a miña lingua. Dirixir nun idioma no que non tes fluidez pode resultar difícil. Tes que interiorizar moitos xestos. Durante o traballo conxunto, ela achegou moito á comprensión do personaxe, do medio social e do idioma. A actriz que interpreta a Anu é Divya Prabha. Tamén é de Kerala, onde a industria do cinema independente está a vivir un momento de esplendor. É a protagonista de *Ariyippu [Declaración]* (Mahesh Narayanan, 2022), que foi seleccionada en Locarno hai dous anos. Divya ten moita presenza. Entrégase ao papel. É extremadamente traballadora, e unha vez que cre no proxecto, dáo todo. A Parvaty interpreta a Chhaya Kadam. É unha actriz experimentada, que apareceu tanto en películas independentes como noutras comerciais. Adoita interpretar a mulleres fortes. Vén de Ratnagiri, dunha vila próxima ao lugar onde rodamos. Por iso coñecía ben o medio, e entendeu o que significa esa viaxe de tentar vivir en Mumbai e non ter éxito necesariamente. A historia sabíaa.

A súa película anterior, *A Night of Knowing Nothing* (2021), que era tanto unha historia de amor como o retrato dunha revolta estudantil, era política dunha maneira moi directa. Con esa perspectiva, como describiría a súa nova película?

Con toda seguridade, *A luz que imaxinamos* non é política dunha maneira tan directa. Pero eu creo que todo é a fin de contas político. O amor na India é extremadamente político. Así que non diría que esta película non o é. Con quen podes casar é algo moi complexo. Está a cuestión da caste, a da relixión... Determinan moito con quen podes pasar a túa vida, e as consecuencias que se deriven diso. O amor imposible, que aquí aparece como un dos temas principais, é un tema moi político.

Como describiría ser unha muller directora na India de 2024? Non sei se iso me define de verdade... Na India, o xénero non é a única falta de privilexio que se pode ter. Hai outras interseccións. Eu son unha muller, pero pertenzo a unha caste dominante e a unha clase privilexiada. De modo que hai moitas cousas que a min me resultan máis fáciles que a un home sen as mesmas oportunidades. Facer películas é difícil para todo o mundo, especialmente cando son películas independentes pensadas para ser seleccionadas en festivais. Nesta clase de películas non hai diñeiro. Non podo estar máis agradecida aos sistemas europeos.